

# Milicia e exército na 1.<sup>a</sup> Guerra Carlista: o desenvolvimento da *Quinta Mendizábal* en Lugo

---

Antonio Prado Gómez

**Resumo:** a organización de quintas durante o século XIX converteuse nunha auténtica contribución de sangue para os españois. O esforzo militar foi particularmente relevante durante os anos trinta, cando a I guerra carlista obrigou a organizar reclutamentos excepcionais como o que supuxo a chamada Quinta Mendizábal, coa que se pretendía mobilizar cien mil soldados en todo o país e case que tres mil só na provincia de Lugo. Este artigo pretende analizar o alcance desa mobilización e das seguintes que se produciron naquela década violenta e tamén os motivos de exención que contra elas se arbitraron.

**Resumen:** La organización de quintas durante el siglo XIX se convirtió en una auténtica contribución de sangre para los españoles. El esfuerzo militar fue particularmente relevante durante los años treinta, cuando la I guerra carlista obligó a organizar reclutamientos excepcionales como el que supuso la llamada Quinta Mendizábal, con la que se pretendía movilizar cien mil soldados en todo el país e casi tres mil sólo en la provincia de Lugo. Este artículo pretende analizar el alcance de esa movilización y de las siguientes que se produjeron en aquella década violenta, y también los motivos de exención que contra ellas se arbitraron.

**Abstrac:** The organization of soldier recruitment in XIX century became in an authentic contribution of blood for Spaniards. The military effort was really important in the thirties, when the I Charles war required to organise exceptional recruitments such as Mendizábal one, with this they wanted to call one hundred thousand soldiers in the whole country and almost three thousand only in Lugo. This essay tries to study as far as this movement got, and the following ones during this violent decade, and also the reasons for their exemption.

Ata o século XVIII os reclutamentos militares en España foron escasos e irregulares, preferindo os monarcas recorrer ao servizo de militares profesionais ou a esporádicas levas xerais cando a situación o requiría. A nobreza monopolizaba as xerarquías castrenses, as tropas eran mercenarias e abundaban os continxentes estranxeiros. As

levas forzosas, se as había, contemplaban numerosísimas excepciones e, de feito, as recrutas afectaban basicamente a vagabundos, delincuentes ou campesiños pobres, aos que se lles obrigaba ao servizo tras un sorteio.

Porén, no século XIX, as especiais circunstancias da Guerra da Independencia e das campañas coloniais incrementaron as necesidades de soldados e favoreceron unha nova fórmula de recrutamentos periódicos e regulares nos que o esforzo militar pasaba a entenderse como un servizo feito á Nación e non á Coroa como se interpretaba antes<sup>1</sup>. Esta situación foi acompañada doutra serie de cambios no exército, permitindo que entre 1811 e 1814 fosen abolidos os castigos corporais, as distincións por nacemento, e os privilexios e exencións tradicionais, abrindose paso a idea dun exército constitucional que recibiría a súa confirmación definitiva co asentamento do Estado liberal.

A Constitución gaditana aínda non incluía unha organización regular dos servizos militares nin das quintas pero, sen embargo, o seu Título VIII expoña xa os principios básicos sobre os que debería constituirse o novo modelo de exército nacional e burgués<sup>2</sup>, dividido en “tropas de continuo servicio” (regulamentadas nos artigos 356 ao 361) e “milicias nacionais” (arts. 362-365). O obxectivo primordial deste novo exército era a defensa exterior da Nación –xa non da Coroa– e a conservación da orde interior. Correspondíalles ás Cortes fixar os continxentes necesarios cada ano, os buques para armar e as ordenanzas para determinar os distintos corpos militares. Establecíase, ademáis, un certo contido profesional ao crearse as escolas militares e democratizábase o servizo ao afirmar, no artigo 361, que “Ningún español podrá excusarse del servicio militar cuando y en la forma que fuese llamado por la ley”<sup>3</sup>.

Xa no Trienio liberal (1820-1823) continuarán os cambios no sector. A Lei constitucional do exército de 9 de xuño de 1821 restablecía os estados maiores e as academias militares de todas as armas, revisaba as ordenanzas e convertía as quintas nun recrutamento fixo anual que mantería o recruta en servizo por un período de cinco anos, afectando, en principio, a todas as clases sen distinción de ningún tipo. Ao mesmo tempo, o Estado responsabilizábase de velar polos oficiais retirados e polos soldados inútiles, así como polas familias que deles dependesen<sup>4</sup>. Todo isto supuña un intento de profesionalizar o exército, que nin sequera o retorno ao poder dos absolutistas, en 1823, podería eliminar, áinda que si paralizar momentaneamente ao reimplantarse as ordenanzas dezaoitescas.

Desde unha perspectiva administrativa, a Instrucción de 1823 incluía os asuntos militares entre as atribucións das corporacións provinciais. Así, o artigo 93 indicaba

<sup>1</sup> Vid. CHRISTIANSEN, E. *Los orígenes del poder militar en España, 1800-1854*, Madrid, Aguilar, 1974, pp. 3 e ss.

<sup>2</sup> PÉREZ GARZÓN, J.S., Ejército nacional y Milicia nacional, en *La revolución burguesa en España*, Madrid, 1978, pp. 179-196.

<sup>3</sup> A penuria económica de moitos dos gobiernos decimonónicos obrigaría a admitir as exencións por diñeiro, pero estas, en principio, contemplábanse como excepcionais. Na práctica, o servizo militar obrigatorio non será efectivo ata o goberno Canalejas de 1912 e áinda así con matices.

<sup>4</sup> CHRISTIANSEN, E, *op.cit.* p. 29

que as deputacións resloverían todas as dúbidas que xurdiran “sobre el reemplazo para el Ejército permanente, para la Marina y para la Milicia nacional activa”, seguindo o mesmo método aplicado para as contribucións fiscais nos artigos anteriores, o que colocaba ás institucións provinciais como responsables directas dos recrutamentos.

Desde 1833, coa instalación en España dun modelo de Estado liberal, o exército amosouse na súa maioría como un decisivo apoio do novo réxime, deixando de lado os ideais aristocráticos que marcaran a vida militar ata o século XIX e demostrando que non era xa una institución dezaoitesca defensora da Coroa e dos intereses dos estamentos privilexiados. A Guerra da Independencia fora unha guerra popular que contribuíra decisivamente ao proceso “democratizador” da milicia, pero áinda contribuirá máis ao proceso de integración do exército na sociedade liberal a I Guerra carlista, que se prolonga desde 1832 a 1839. Nela intervirán masivamente as tropas mobilizadas a través de recrutamentos regulares de carácter obligatorio; ademáis, comprometerá de cheo a poboación civil coas repetidas contribucións de cartos e sangue e, por fin, proporcionalará ás xerarquías militares atribucións e competencias das que antes non disponían, permitindo que capitáns xenerais e gobernadores militares se converteran en autoridades de primeira orde nos seus distritos<sup>5</sup>, pese a que os políticos civís da época, como Cea Bermúdez, Javier de Burgos ou Martínez de la Rosa, traten de contrarrestar a súa influencia na Administración do Estado creando un corpo de funcionarios civís de alto rango: os subdelegados de Fomento, gobernadores civís ou xefes políticos, nomes todos eles que servirán para denominar alternativamente os primeiros funcionarios provinciais durante o período isabelino.


De calquera xeito, desde 1833 os recrutamentos anuais de quintas son un feito, e para levalos a cabo tómase como base territorial as recentemente nacidas provincias, polo que non é de estrañar que no momento no que se instalen os colectivos encargados da súa administración, é dicir, as deputacións, sexan estas as responsables da eficaz organización dos procesos de mobilización de continxentes militares.

### Os primeiros recrutamentos lucenses

Non dispoñemos de información pormenorizada sobre as quintas mobilizadas nos anos 1833 e 1834 nesta provincia, áinda que estea probada a súa realización<sup>6</sup> e iso porque a fonte documental aquí utilizada son as actas provinciais e a deputación lucense descoñecía as incidencias dos procesos anteriores a novembro de 1835, que é cando se instala; polo tanto, eran recrutamentos sobre os que non tiña responsabilidade ningunha. Pero, a partir do último trimestre dese ano, a organización de quintas converterase na actividade que máis tempo ocupou aos deputados isabelinos durante os primeiros anos de funcionamiento da Institución provincial.

<sup>5</sup> PAYNE, S. G. *Los militares y la política en la España contemporánea*, Madrid, Sarpe, 1986, pp. 56

<sup>6</sup> A de 1834 (RD. de 21-II-34) supuxo a mobilización de 25.000 homes en toda a nación: Vid. *Actas do Concello de Lugo* (ACL), Libro 158, ses. 6-III-34.



A Lei de deputacións provinciais de 21-IX-1835, inmediata á instalación das corporacións, especificaba de forma moi concreta as súas facultades e atribucións (Título II) nun momento no que a guerra civil estaba xa planeada en toda a súa virulencia e no que, polo tanto, as preocupacións militares eran o punto de mira no que converxían todas as iniciativas do goberno liberal. Así, o párrafo 4º do artigo 25 determinaba que as deputacións intervirían directamente nos repartimentos para os sucesivos reemprazos do exército e decidirían as reclamacións sobre erro ou falta de equidade nas mobilizacións. Debían garantir tamén a puntual celebración das quendas para conseguir levar adiante uns recrutamentos que, ante a situación bélica, eran indispensables. Moi pouco despois aparecía<sup>7</sup> a proclama da Xunta Superior de Armamento e Defensa de Galicia que incluía o Real Decreto de 24 de outubro de 1835, no que se propoñía un titánico esforzo militar ao pretender unha mobilización de 100.000 homes. O significado deste esforzo pode valorarse se consideramos que ata ese momento os recrutamentos, como o ordenado o 25 de xaneiro anterior, movilizaban unha media de 25.000 homes e este esforzo multiplicaba por catro a cifra habitual. Esa mobilización extraordinaria, que se popularizará co nome

<sup>7</sup> Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOPL) de 4-XI-35

de Quinta Mendizábal en honor do seu promotor gubernamental, ampliaba considerablemente o esforzo de sangue dos pobos, coa decidida intención de que este continxente militar servise para acabar dun xeito definitivo coa ameaza carlista. Ademais, fixéronse considerables esforzos económicos, como o que significou a recadación dunha contribución extraordinaria de 200 millóns de reais en concepto de empréstito forzoso. Mesmo as campañas desamortizadoras que se iniciaran polas mesmas datas teñen como unha das súas intencións fundamentais a de conseguir fondos para a guerra<sup>8</sup>.



Juan Álvarez Mendizábal

Unha Circular da Xunta Superior<sup>9</sup> explicaba bastante ben a situación ao recoller case textualmente as intencións do mencionado Decreto. Tratábase de poñer fin á contenda civil que devoraba o país especialmente nas provincias do norte, e de asegurar, ao mesmo tempo, o trono isabelino. Para acabar coa guerra era necesario arbitrar medios extraordinarios, xa que os utilizados ata entón amosáranse insuficientes. Argumentábase que neses momentos os países de toda Europa foran aumentando os seus exércitos ata o punto de contar con máis de tres millóns de soldados mobilizados e a experiencia demostraba que era posible para un estado, sen grave daño, armar por un tempo 20.000 homes por cada millón de habitantes, co que se xustificaba sobradamente o esforzo desta mobilización. Recordábase tamén no Decreto a heroicidade do pobo español en momentos como os de 1808 que requiriran un especial pulo, e que agora se facía necesario repetir. Cen mil homes entre 18 e 40 anos, unidos aos que xa loitaban, reducirían de maneira definitiva os inimigos do trono constitucional e acabarían coa insurrección absolutista para sempre.

<sup>8</sup> Juan Álvarez Mendizábal sera nomeado xefe de goberno en setembro de 1835, manténdose como tal ata maio de 1836; nos últimos meses dese gabinete, un lucense, José Ramón Rodil, ocuparía o cargo de ministro da Guerra. O mellor estudo sobre as iniciativas políticas e administrativas de Mendizábal é o de Peter JANKE, *Mendizábal y la instauración de la monarquía constitucional en España (1790-1853)*, Madrid, ed. Siglo XXI, 1974.

<sup>9</sup> BOPL de 4-XI-35

A resposta das autoridades galegas a esta iniciativa será positiva e áxil. A Xunta galega manifestou o seu apoio á medida proposta e a súa confianza en que Galicia daría exemplo de patriotismo acelerando a mobilización dos cupos respectivos das súas provincias e que, no caso concreto da de Lugo, se elevaba a 2.960 homes<sup>10</sup>.

A organización desta quinta, que foi a primeira que coordinou a Deputación lucense, permítenos seguir paso a paso o ritual dos recrutamentos militares nos inicios da etapa isabelina anteriores á Lei de reemprazos de 2-XI-37.

Os 16 puntos do articulado do Real Decreto de convocatoria, asinado o 24 de outubro de 1835 (BOPL de 4-XI-35), definían os obxectivos concretos da quinta e o proceso que debía seguirse na mobilización. A distribución do continxente realizaríase entre as diversas provincias do reino en razón á súa poboación (Art. 3.º).

Exceptuábanse do servizo a catro grupos dos posibles reclutas entre 18 e 40 anos: os que non puidesen prestarlo por causas físicas, os ordenados *in sacris*, os retirados ou licenciados do exército de mar e terra e os fillos únicos de viúvas pobres ou de pais sesaxenarios ou impedidos, tamén pobres, se os mantuñan co seu traballo persoal.

Para garantir un recrutamento tan amplio como o que se pretendía non se consideraba exención legal a falla de talla, que si o era nos reemprazos ordinarios do exército (Art. 5.º). Non obstante, dispóniase unha última fórmula para quedar fóra do servizo: a entrega ao contado de 4.000 rs, xa que as necesidades do Estado non eran só de homes senón tamén de cartos cos que poder equipalos convenientemente (Art. 7º), insistíndose en que as cantidades ingresadas por tal concepto non se poderían dedicar a distinto obxecto que o pre-determinado<sup>11</sup>. Así mesmo, advertíselles que aos mobilizados se lles conservarían os seus postos de traballo mentres cumprían cos seus deberes militares (Art. 6º).

Aos voluntarios admitiríáelles sen problemas, supoñendo o seu ingreso unha rebaixa paralela no cupo do seu lugar de orixe. A estes reclutas especialmente animosos preferíáelles para os ascensos, e o Goberno comprometíase a atendelos unha vez terminada a guerra. Se os voluntarios eran ademais veteranos do exército ou a mariña, disfrutarían dun plus de 1 real diario (Arts. 8.º e 9.º)

O artigo 10 determinaba que os 100.000 homes agora mobilizados estarían exentos de entrar nos futuros sorteos de reemprazos ordinarios ou de milicias provinciais.

Considerábase meritorio pertencer á Garda nacional, áinda que esta circunstancia non impedia o recrutamento (Art. 11).



Uniformes do exército español no segundo tercio do século XIX  
Militaria - 83, pág. 17

<sup>10</sup> Os cupos establecíanse en correspondencia coa poboación de cada provincia e á de Lugo atribuíánselle entón 357.272 habitantes. Como referencia –preestatística– para o resto do país pode servir o reconto de 1833 feito co motivo da división territorial en provincias e que achegou unha cifra de 12.286.941 españoles

<sup>11</sup> Este punto non será cumplido en numerosas ocasións a causa das necesidades estatais e as sumas obtidas por este concepto non sempre serviron para dotar de vestuario, armamento e equipo os soldados mobilizados.

A licencia concederíase nos catro meses seguintes á terminación da guerra (Art. 12), o que recordaba unha vez máis o principal obxectivo da quinta, e aqueles licenciados que desexasen continuar servindo por seis anos na *Guardia nacional* disfrutarián dunha compensación de 20 rs. mensuais<sup>12</sup>

O artigo 14 advertía que a organización da quinta realizaríase baixo a dirección do ministerio de Estado (ao seu titular, Ildefonso Díez de Rivera, conde de Almodóvar, dirixíase o Real Decreto), como sucedera nas quintas anteriores. Pero as responsabilidades inmediatas do proceso recaían sobre as recentemente aprobadas deputacións provinciais (Arts. 3.º e 15), que debían poñerse de acordo coas autoridades militares locais para levalo a bo termo. Especifícase que, onde áinda non estivesen establecidas aquelas corporacións, farían as súas veces as Comisións de Armamento e Defensa.

O último artigo, o 16, determinaba que o día primeiro de decembro debería estar terminado o alistamento, punto no que as previsións gubernamentais foron moi optimistas, como logo veremos. Precisamente para facilitar a pronta execución, a Xunta Superior de Armamento e Defensa que informaba do Real Decreto mandaba observar unha serie de prevencións aos concellos e xustizas dos pobos, detallando a cronoloxía de cada un dos procesos de alistamento da Quinta Mendizábal.

A distribución do cupo correspondente a esta provincia entre os distintos partidos da mesma sería presentada o 3 de novembro polo xefe político lucense, Laureano

<sup>12</sup> Non obstante, a licenza definitiva deste reemprazo non se acadou ata o mes de maio de 1842 (BOPL de 8-V-42), o que implica que os quintos se mantiveron máis de seis anos en filas.

Gutiérrez, baseándose nos totais de poboación que se ofreceran na división territorial en partidos xudiciais<sup>13</sup>, o que determinaba os seguintes resultados:

PARTIDOS	ALMAS	QUINTOS	%
A Fonsagrada	25.765	214	7,23
Lugo	45.005	373	12,60
Mondoñedo	41.958	347	11,72
Monforte	39.004	323	10,91
As Nogais	30.315	251	8,48
Quiroga	17.516	145	4,90
Ribadeo	25.518	212	7,16
Sarria	29.935	248	8,38
Taboada	38.754	321	10,84
Vilalba	23.730	196	6,62
Viveiro	39.772	330	11,15
Total	357.272	2.960	100

Porén, unha cousa foi o promulgado e outra o conseguido. Segundo Tuñón de Lara<sup>14</sup> a mobilización de Mendizábal só lles afectaría a 46.983 recrutas en toda a xeografía nacional, é dicir, menos do 50% dos convocados. Na nosa provincia responderían á orde do reemprazo 77 dos 86 concellos existentes neses momentos, pero non todos completaron o seu cupo. A referencia máis concreta ao respecto é a declaración feita pola propia Deputación a fins de decembro, cando aseguraba ter entregados en caixa máis de 2.000 quintos, o que supoñía un 68% dos convocados, cifra coa que se superaba claramente a media nacional deducida por Tuñón<sup>15</sup>. Para Castroviejo Bolívar<sup>16</sup>, que recolle datos do estado xeral achegado pola Capitanía Xeneral de Galicia, Lugo conseguiu mobilizar ao 81% do seu cupo (2.400 quintos), porcentaxe sensiblemente inferior ao doutras provincias galegas, xa que na da Coruña acadouse o 92,5%, en Pontevedra o 92,7% e en Ourense o 94,2%. Estes datos contrastan cos achegados por Manuel Tuñón de Lara, agás que se acepte unha receptividade á quinta moito maior en Galicia que no resto de España, o que non resulta moi previsible.

A instalación da Deputación lúxense coincide co proceso de preparación da *Quinta Mendizábal*, que se convertería no problema máis urxente dos primeiros meses da súa actuación. Desde a segunda reunión da corporación o 11 de novembro, quedan resoltas varias consultas dos concellos sobre o tema, asesoramentos que se repiten nas sesións seguintes. Ao mesmo tempo, os deputados preocupáranse por proporcionar locais axeitados para o acuartelamento dos quintos do reemprazo, sendo necesario que unha comisión indagase cales eran os edificios públicos desocupados na capital<sup>17</sup>. Nas sesións posteriores, a Corporación provincial continúa realizando un amplo labor de información aos concellos en torno ao modo de celebrar os sorteos, os motivos que xustificaban a exención, as competencias sobre circunscripcións territoriais, as medidas para tomar contra prófugos ou ausentes ou os datos estatísticos que determinaban a mobilización.



Fotografía de 1914 do cuartel de San Fernando, o máis importante asentamento militar de Lugo na primeira metade do século XIX

### As incidencias más importantes no proceso da Quinta Mendizábal

As vicisitudes que tivo a Quinta Mendizábal foron numerosas, como correspondía ao extraordinario esforzo humano e militar que implicaba. Desde o primeiro momento os concellos protestaron polo excesivo dos cupos que lles son atribuídos, así como tamén polos fallos de procedemento, pola escaseza de materiais administrativos para poder seguir a quinta, ou por cuestións sobre os límites reais que acadaban as súas xurisdiccións territoriais. En resposta a todo isto propiciarían escamoteos e falsificacións que serán repetidamente denunciadas<sup>18</sup>.

<sup>13</sup> BOPL de 6-VII-34

<sup>14</sup> TUÑÓN DE LARA, M., *La España del siglo XIX*, Barcelona, Laia, 1974, p. 84

<sup>15</sup> Vid. Arquivo Deputación Provincial de Lugo (ADPL), ses de 24 e 26 -XII-1835

<sup>16</sup> CASTROVIEJO BOLÍVAR, M. F., *Aproximación sociológica al carlismo gallego*, Madrid, Akal. 1977, pp. 120-121.

<sup>17</sup> ADPL de 12, 13 e 15-XI e 5-XII de 1835. Na proposta facíase referencia ao cuartel de San Fernando e aos conventos de San Domingos e de San Francisco recentemente desamortizados.

<sup>18</sup> ADPL ses. de 20, 23 e 24-XI-1835 e 2-XII-1835

Aínda así, ante as presións das autoridades provinciais<sup>19</sup>, os concellos empezarían a enviar os seus cupos a finais do mes de novembro, sendo o máis adiantado o da Pobra de Parga, o día 25 de novembro de 1835, e seguindolle os de Meira, Orrea, Lea e Lugo. Ao longo do mes de decembro, preséntanse os cupos doutros 66 distritos, e xa os máis rezagados farano no mes de xaneiro seguinte: Luaces, Castro de Rei, Outeiro de Rei, A Pobra de San Xiao, Amarante e A Ulloa.

Algúns municipios, e en especial aqueles que pertencían ás zonas máis orientais da provincia moi ameazadas polo carlismo –como os de Burón, A Fonsagrada e Navia de Suarna– amosábanse moi remisos no envío dos seus continxentes, alegando que eran moitos os obstáculos que se lles presentaban para reunilos a causa de “las facciones que vagan dispersas por el país, llevándose los mozos a la fuerza o por su voluntad”. Por iso, reclamaban o auxilio militar necesario para conseguir coa súa protección completar os cupos<sup>20</sup>.

Entre os municipios e os particulares ou a administración militar non faltarán tampoco os enfrentamentos, referidos á forma de levar a cabo sorteos e alistamentos ou ao aboamento de socorros subministrados aos quintos<sup>21</sup>.

Cando chegaban á capital, os recrutas eran recibidos pola comisión provincial, escoitábanse as súas queixas e reclamacións e procedíase ás revisións médicas que, se eran positivas, determinaban o ingreso en caixa do soldado, que pasaba ao depósito xeral de Ferrol ou ao do distrito de Lugo.

Comentario especial merece o asunto das redencións de sorte a cambio de cartos e que, segundo os datos dispoñibles, afectaría a un total de 183 soldados da provincia –é dicir, un 6% do continxente total– o que permitiu reunir un montante de 732.000 rs.<sup>22</sup> Esa porcentaxe parece confirmar que as redencións non foron en Galicia o medio máis utilizado para liberarse do servizo militar, debido á escasa capacidade económica do campesiñado. Os cartos que a provincia recadaba por este concepto ascendían, a comezos de febreiro de 1836, e sempre segundo a nosa información, a algo máis de medio millón de reais.<sup>23</sup> A intención oficial era a de destinar os fondos recadados á adquisición de equipamentos militares, pero as estreiteces económicas obrigarán a dedicalo a outros múltiples usos, entre os que non faltou a súa utilización por parte da Deputación para cubrir os seus propios gastos<sup>24</sup>.

Os motivos de reclamación para liberarse do servizo eran moi variados, destacándose cinco grandes argumentos para a exención: 1. Por corto de talla<sup>25</sup>, 2. Por inútil físico, 3. Por tener persoas ao seu cargo, 4. Por ser matriculado de Mariña, e 5.

<sup>19</sup> O 3 de xaneiro de 1836 ameázabase aos concellos de Outeiro de Rei, A Ulloa e Amarante con multas de 400 ducados se non presentaban as credenciais dos sorteos.

<sup>20</sup> ADPL ses. de 1 e 13-XII-1835. Outras veces denúnciase o roubo polos carlistas das actas e materiais do sorteio (ADPL ses. de 2-XII-1835).


<sup>21</sup> ADPL ses. de 14, 15, 16 e 22-XII-1835

<sup>22</sup> BOPL de 15-V-1836 e ADPL ses. 21-VII-1838 e 26-XII-1838

<sup>23</sup> ADPL ses. 6-II-1836

<sup>24</sup> ADPL ses. 12 e 23-XII-1835 e 2-I-1836

<sup>25</sup> A estatura mínima permitida era a de cinco pés menos unha pulgada (1,375 m) e se non se acadaba o recruta era dado de baixa por corto.



Gravado do *Semanario Pintoresco* de 1851 no que se reflictan as fábricas de Sargadelos cuxos obreiros estaban liberados do servizo de quintos.

Por estar ordenado in sacris<sup>26</sup>. En todo caso, as exencións de calquera índole deberían estar asesoradas polos respectivos concellos, áinda que lle correspondese á Deputación resolver en última instancia.

Moitos dos problemas derivaban dos propios interesados, que denunciaban tropelías e estafas nos procesos de recrutamento<sup>27</sup>. Neste sentido, unha forma habitual de protesta a constituía a deserión, circunstancia que convén non confundir coa condición de prófugo: un prófugo non se incorpora ao alistamento, un desertor foxe unha vez ingresado no depósito. Hai que entender que a mortalidade en campaña era moi elevada e as condicións de servizo resultaban degradantes, por iso as quintas se convertían máis que nunha carga nunha “catástrofe periódica”. En tal situación, moitos mozos non dubidaban entrar na facción (carlista) para fuxir do servizo militar, como chegarán a reconecer as autoridades da provincia, obrigando á Deputación a tomar medidas represivas<sup>28</sup>. Como xa puxeron en evidencia os estudos de M.ª Francisca Castroviejo e Nuria Sales<sup>29</sup>, as deserións foron particularmente abundantes no país galego, converténdose no medio máis popular de eludir a sorte no servizo e, neste sentido, a Quinta Mendizábal non foi unha excepción.

Para Martínez Ruiz<sup>30</sup>, esas iniciativas extremas para liberarse do servizo son explicables primeiro polo cansancio bélico acumulado ao longo das décadas iniciais do século –Guerra da Independencia, guerras coloniais, I Guerra carlista– e logo, pola necesidade do campesiño –o colectivo máis numeroso e o máis afectado polos recrutamentos– de manter os brazos cos que se cultivaba a terra. En tal situación, se non era admitida a exención proposta e non se tiñan cartos suficientes para pagar un substituto ou comprar

<sup>26</sup> Tamén resultaba motivo de exención o desempeño de funcións laborais ás que se lles supoña un interese especial, como no caso dos obreiros das fábricas de Sargadelos.

<sup>27</sup> ADPL ses. 14 e 16-XII-1835

<sup>28</sup> ADPL 3 e 4-XII-1835

<sup>29</sup> CASTROVIEJO BOLÍVAR, M.F., *op. cit.* p. 119. Ib. SALES DE BOHIGAS, Nuria, “Servicio militar y sociedad en la España del siglo XIX”, pp. 216-221, en *Sobre esclavos, reclutas y mercaderes de quintos*, Barcelona, Ariel, 1974.

<sup>30</sup> MARTÍNEZ RUIZ, E. *Desertores y prófugos en la primera mitad del siglo XIX. Sus causas y efectos*, Rev. Hispania n.º 107.

a prestación do servizo, a única solución era a deserción, xa que, por outra parte, o soldado non comprendía a leria burocrática baixo a que se desenvolvía a quinta.


Ante o desertor a lexislación era clara e determinante. A súa praza debía cubrirse por outro mozo do mesmo distrito, o que significaba un claro prexuízo a terceiros; se o apresaban, sufriría un castigo, ademáis de ser incorporado de inmediato a levas e no caso de non ser localizado a responsabilidade pasaba á súa familia que debería responder cos seus bens ao pagamento dos 4.000 rs. marcados como cota de redención de sorte.

Na nosa provincia foron os concellos orientais os que presentaron unha maior casuística de desercions, como A Fonsagrada ou Cervantes. Nelas zonas, uníanse ás propicias circunstancias meteorolóxicas e topográficas, a presión do carlismo e das faccions<sup>31</sup>.

Outros métodos de exención más sofisticados, ou se se quere máis bárbaros, eran as mutilacions intencionadas, repetidamente denunciadas nos procesos de recrutamento. Non fai falla insistir en algo moi claro para a historiografía sobre o tema: o servizo militar era entendido como unha ‘contribución de sangre’ especialmente penosa para o campesiño; esa obriga facíalle prescindir durante varios anos dunha forza laboral preciosa: a dos seus membros máis novos e vigorosos e, ademais, sen compensación ningunha. Era lóxico, pois, que en épocas de guerra aumentasen as desercions, xa que o risco era maior e a sorte neste caso equivalía moitas veces a unha sentencia de morte para o recrutado. Como afirma Saurín de la Iglesia “siempre valía más un lisiado en casa que un difunto en tierra extraña”<sup>32</sup>. As amputacions, ás veces propiciadas polos propios facultativos, afecábanles a aquellas partes do corpo que resultaban indispensables para cumplir o servizo militar e, en particular, aos dedos da man (*engatillar*), aos dentes (*morder el cartucho*) ou aos ollos (*ver*). As mutilacions chegarán a ser tan numerosas que por unha RO. de 21 de xaneiro de 1862 establecécese que non sería motivo de exención nin a falta de dentes nin a das falanxes do dedo índice da man dereita.

En calquera caso, todo fai supoñer que a situación dos quintos do reemprazo de 1835 non foi moi satisfactoria, resultando sintomáticos algúns oficios como o que o capitán xeneral de Galicia remite na sesión de 20 de decembro de 1835 recomendando que aos quintos reunidos na Coruña se lles provese de prendas tan elementais como unha camisa e un par de zapatos. De seguro, as tropas liberais galegas estiveron moi mal equipadas, ata o punto de carecer de alimentos, o que evidentemente animaba aínda máis á deserción ou á mutilación<sup>33</sup>.

Avanzada a Quinta Mendizábal, as dificultades para cubrir os cupos obrigarán á Deputación a tomar severas medidas contra os municipios morosos. É o caso, por exemplo, do concello de Navia de Suarna, que únicamente entregara oito mozos do seu continente e cuxos concelleiros serán arrestados e multados con 1.000 ducados<sup>34</sup>.



Tipos militares da primeira Guerra carlista. Museo Militar, tomo III

Un mes despois, as autoridades militares considerarán conveniente a finalización da quinta e por iso o capitán xeneral reclama a lista nominal dos soldados entregados en caixa, cos seus números, vecindade e observacions. Ao mesmo tempo a Deputación parece reducir a súa actividade cando, téndolle permitido ao seu secretario contratar a sete escribentes interinos, reduce agora o número a tres, considerando rematados os traballois extraordinarios da quinta que mesmo motivaran a constitución da Corporación provincial en sesión permanente. De todas formas, aínda que aquí se suscitase o teórico remate da Quinta Mendizábal, os seus asuntos prolongaranse varios anos, cunha ampla secuela de consultas, queixas, desercions, redencións e reclamacions<sup>35</sup>.

Oficialmente a mobilización considerábase concluída na primavera de 1836, cando o presidente da Deputación propoña discutir a solución do asunto dos restos da quinta. Mais adiante, en outubro, pedíase á secretaría a posta ao día dos asuntos pendentes, o que motivará o nomeamento dunha comisión para informar sobre o tema. Esa comisión exporía, pouco despois, algunas medidas para a organización dos reemprazos e entre elas unha moi especial para que tanto a Deputación como os concellos abandonasen os asuntos concernentes á quinta de 100.000 homes para dedicarse ao novo recrutamento de 50.000 homes que xa se estaba levando a cabo.

Na práctica isto non impediu que, ao longo de 1837 e mesmo 1838, se retomasen algúns asuntos da Quinta Mendizábal, en especial os relacionados con pagamentos aos concellos polos gastos na mobilización ou por problemas con prófugos e desertores<sup>36</sup>.

## Os outros reemprazos

Pese a todo, o esforzo que supuxo a Quinta Mendizábal non foi suficiente e as cada vez maiores necesidades bélicas propiciarán a organización dunha nova quinta

<sup>31</sup> ADPL ses. de 12-I-1836 e 5-II-1836

<sup>32</sup> SAURÍN DE LA IGLESIAS, R. *Apuntes y documentos para una historia de Galicia en el siglo XIX*, Deputación provincial, A Coruña, 1977, p. 171.

<sup>33</sup> CASTROVIEJO BOLÍVAR, M.F., *op. cit.* pp. 118-119

<sup>34</sup> ADPL ses. 2-I-1836; 6-I-1836 e 13-II-1836

<sup>35</sup> Aínda en 1840 recollíanse referencias á quinta (ADPL ses. 31-III-1840) e algúns anos despois mencionábase a débeda a un particular por socorros a quintos dese reemprazo (ADPL ses. 3-VII-1844).

<sup>36</sup> ADPL ses. de 6-IV, 12-X, 26-X y 8-XI de 1836

que é decretada por RO. de 26 de agosto de 1836 e que agora debería mobilizar a 50.000 homes. Deste continxente, á provincia de Lugo correspondíalle achegar 1.490 futuros soldados<sup>37</sup>. Esta recruta resultou tamén penosa, xa que áinda estaba moi preto o alistamento anterior e porque, ademais, o esforzo en homes complementábase con outro en diñeiro, como o que representaba un empréstito forzoso de 200 millóns que o RD. de 30-VIII-36 e a RO. de 7-IX-36 determinaban.

A mobilización coincidía cunhas circunstancias nas que a oposición carlista na nosa provincia ía en aumento. Por iso e para evitar os roubos, estafas einxustizas a que o recrutamento daría lugar, especulábase coa idea de poder redimir todo o continxente cunha cantidade en diñeiro. Tamén neste caso nomearíase unha comisión coa intención de que preparase este proxecto de redención xeral, mentres que se enviaba unha circular aos concellos para que, de momento, non procedesen a sorteio ningún<sup>38</sup>. A comisión, tras un exame minucioso do Real Decreto de convocatoria, concluiu afirmando que a Deputación non tiña outras facultades no asunto que as de intentar cubrir o alistamento da mellor maneira posible, rexitándose a idea dunha redención xeralizada.

As cuestións administrativas do novo recrutamento ían axilizándose, procurando a súa organización baseándose no mesmo reparto de cupos que se utilizara para a quinta extraordinaria de outubro de 1835, co que a distribución por partidos xudiciais permanecía dun xeito moi similar á da mobilización anterior<sup>39</sup>:

PARTIDOS	QUINTOS	%
A Fonsagrada	107	7,18
Lugo	188	12,61
Mondoñedo	175	11,74
Monforte	162	10,88
As Nogais	126	8,45
Quiroga	73	4,88
Ribadeo	107	7,18
Sarria	125	8,38
Taboada	162	10,87
Vilalba	99	6,64
Viveiro	166	11,14

<sup>37</sup> Vid. ADPL de 4-IX-1836, e BOPL de 11-IX-1836

<sup>38</sup> ADPL 15-IX-1836

<sup>39</sup> ADPL ses. 6, 7 e 8-IX-1836

Por último, a Deputación propoñería catro instrucións fundamentais a cumplir no desenvolvemento da quinta: 1<sup>a</sup>. Unha reunión inmediata das Xuntas de Partido por parte dos alcaldes dos concellos cabeza de partido. 2<sup>a</sup>. Estas procederían aos repartimentos entre os distintos municipios. 3<sup>a</sup>. Amañaríanse os problemas existentes entre a división municipal e a xudicial e 4<sup>a</sup>. Os concellos responsabilizariánse do alistamento das súas levas respectivas antes de tres días, realizándoos entre os mozos solteiros ou viúvos sen fillos de 18 a 40 anos. O 15 de setembro aprobaranse outras seis medidas para mellorar a organización e realización da quinta, advertíndose que por ningún pretexto se deixase de cubrir o continxente, responsabilizando diso os municipios.

Os deputados lucenses, a fin de contas representantes da administración liberal, animaban a este “último esfuerzo”, pero non todos os concellos compartían os mesmos sentimientos. Por iso, ante uns máis que previsibles problemas, o comandante militar da provincia verase obrigado a ofrecerlle apoio á Deputación para poder completar a quinta<sup>40</sup>.

A lo largo dos últimos meses de 1836 e dos primeiros de 1837 sucedense as referencias ao proceso de mobilización, especificándose as variadas redencións, cubrindo as baixas de inútiles, indicando as dúbidas xurdidas ou realizando as pertinentes reclamacións. As referencias ao rexexitamento provocado polo alistamento son múltiples, tamén neste caso<sup>41</sup>. Por fin, na sesión de 30 de xuño líase un oficio do capitán xeneral no que pedía completar a leva correspondente a esta provincia (os 368 quintos que faltaban, é dicir, o 24,70%). A Deputación enviaralles oficios aos municipios dándolle un prazo improrrogable de 15 días para remitir os continxentes que faltaban, coa ameaza de multar os seus membros con 1.000 rs. se non o facían.

Especialmente significativo nesta quinta resulta o asunto das mutilacións intencionadas, exemplo evidente da mágoa con que eran recibidas as mobilizacións e dos extremos aos que se chegaba coa esperanza de librarse do servizo<sup>42</sup>.

As exencións alegadas cubren os máis diversos motivos: casamento, aprensión de facciosos, alistamento en distrito que non correspondía, por enfermidade ou por reclamación de números anteriores non presentados. Tamén se producen algunas exencións especiais, outorgadas directamente pola Coroa. Non faltan tampouco as denuncias por inxustizas, ilegalidades e estafas cometidas polos facultativos ou polos concellos nas

<sup>40</sup> ADPL ses. 11, 12 e 17-IX-1836

<sup>41</sup> Na sesión de 29 de abril de 1837 ordenábaselle ao comandante xeneral que procurase a presentación en Lugo dos quintos dos concellos que áinda non os remitiran. O 13 de maio, o capitán xeneral remitia una RO. de 29 de abril para que fosen admitidos en caixa os facciosos indultados desta provincia a quem tocara en sorte a quinta de 50.000 homes, sempre que tiveran as condicións físicas necesarias.

<sup>42</sup> É o caso que se denuncia, por exemplo, na sesión de 5 de xuño de 1837, cando varios quintos do concello de Chantada pasan por reclamación a recoñecemento dos facultativos; tres deles resultan coa falla da segunda e terceira falanxes do dedo índice da man dereita, apéndice indispensables para o exercicio do tiro; pese a iso, declaráselles aptos e envíaselles á caixa segundo recomendaba a RO. de 18-II-35, amosándose convencida a Deputación de que era práctica común a mutilación dos dedos co obxecto de librarse do servizo das armas e que polo tanto conviña extirpar “este bárbaro abuso”.

operacións da quinta<sup>43</sup>. Estes fraude reflecten a realidade social da quinta e tradúcense nunha serie de multas aos médicos acusados deles nos recoñecementos.

As sancións podían elevarse a 1.000 rs. e nelas amósase a inflexibilidade e dureza ante o asunto por parte da Deputación e da Xunta de Armamento e Defensa, que chegan a utilizar a forza militar para obrigar aos médicos ao pagamento da sanción.

As incidencias da quinta de 50.000 homes prolongaranse de feito por todo o ano 1837 e os primeiros meses de 1838, con numerosas referencias aos problemas que causaban ausentes e desertores. En setembro<sup>44</sup>, a Deputación recibe con agrado a proposta do capitán xeneral de ameazar co servizo en Ultramar a todos os desertores. Outro sistema tradicional de disuasión era o embargo de bens dos fugados ou, no seu caso, dos que eran dos seus pais ou parentes máis cercanos<sup>45</sup>. Parecidas medidas son tomadas con respecto aos ausentes, que tamén eran inducidos a presentarse presionando aos pais ou parentes<sup>46</sup>.

A sesión de 20 de setembro de 1837 ofrecía información sobre o modelo teórico seguido na recepción de quintos con anterioridade ás ordenanzas de novembro dese ano, momento en que será presentada unha nova lei de reemprazos. Primeiro, recibíase ao comisionado acompañado dos recrutas, logo oíanse as reclamacións dos mozos, tallábaselles e recoñecíasellos polos facultativos, excluíanse a curtos e inútiles e declarábanse soldados aos restantes. Por último, estudiábanse os expedientes de desertores e verificábanse as reclamacións. As escasas redencións presentadas nesta quinta non impiden a presentación dunha Real Orde por parte do capitán xeneral sobre a non admisión de exencións por menos de 6.000 rs., unha vez concluído o prazo sinalado no RD. de 26 de agosto de 1836<sup>47</sup>.

Non parece tomarse ningunha iniciativa para unha nova mobilización ao longo do ano 1837, talvez porque a recesión do perigo carlista era ben visible e á administración isabelina non lle parecía conveniente imponer un novo alistamento despois das sangrías que a poboación tivera que soportar nos dous anos anteriores.

En cambio, si que se producen, nos últimos días do ano 1837, algunas advertencias para finalizar as dúas quintas xa comentadas<sup>48</sup>. Ao longo dos meses de marzo e abril de 1838 insístese nas referencias ás mobilizacións de cen e cincuenta mil homes, cando xa se anunciaba un novo recrutamento para 1838. Na sesión de 2 de marzo presentabase a RO. de 2 de xaneiro de 1838 que ordenaba, unha vez máis, completar o continxente das dúas últimas quintas para o primeiro de marzo seguinte, aínda que a Deputación manifestaría a imposibilidade de logralo nese prazo. A situación

<sup>43</sup> ADPL ses. de 30-III, 3-IV, 4-IV e 5-IV de 1837. Ib. ADPL 16-XII-1837 e 6-II-1838. Ib. ADPL 10-IV, 8-VI, 11-X e 31-X de 1837.

<sup>44</sup> ADPL ses. 13, 19, 23, 25 e 29-IX de 1837

<sup>45</sup> ADPL ses. 11-X-1837

<sup>46</sup> ADPL ses. 19-IX e 3-XI de 1837

<sup>47</sup> ADPL 27-XI-1837

<sup>48</sup> Un oficio do capitán xeneral era presentado na sesión de 12 de xaneiro de 1838 e nel invitábase á Deputación a cubrir de inmediato os seus continxentes por 1835 e 1836, segundo mandaba unha lei de outubro de 1837. Repítense o 10 de febreiro, aludindo a outra RO que indicaba como data límite o 15 dese mes, o que a Deputación consideraba imposible cumplir.



Representación dunha acción militar na I guerra carlista. *Historia de España Ilustrada*, Rafael del Castillo, t. VI, Barcelona, 1880.

repetíase o 5 e o 12 de marzo, cando a Corporación establece unha serie de bases para cumplir mellor a RO. Na sesión de 7 de abril, o capitán xeneral transmitía outra RO que insistía no mesmo e indicaba que, segundo fosen ingresando, se conducira aos recrutas a Valladolid en remesas de 50 a 100 homes. Dous días despois, a comisión a quem se lle encargara o exame dos expedientes de morosos, presentaba o seu ditame no que recoñecía ter controlado o estado de desertores e ausentes e coñecer tamén os manexos e pretextos empregados na mobilización. Advertíase que os maiores descubertos nas dúas quintas de 1835 e 1836 producíranse na marxe dereita do río Miño, polo que a Deputación debería adoptar severas medidas contra os lugares desa zona, xa que noutro caso “a próxima quinta será ilosoria (sic)”, ao intentar liberarse do servizo os habitantes dos lugares que o viran facer aos seus veciños.

Pola contra, na maioría dos concellos dos partidos das Nogais e A Fonsagrada cubríranse as levas correspondentes a eses distritos grazas á férrea decisión do ex-comandante militar don Joaquín Cayuela. En resumo, a comisión propuña que se cumpriran varias disposicións e, entre elas, a de chamar de inmediato a todos os mobilizados que se atopasen con licenza temporal para que ingresasen en caixa e a de suspender o chamamento dos números que faltaban nas quintas de 1835 e 1836 ata que cada concello tivera presentado a leva que lle correspondía na de 1838. Logo, pasaríase lista dos desertores ao comandante xeneral para que procurase a súa captura sen molestar, de momento, os seus pais ou parentes. Todo este ditame da comisión será aprobado sen vacilacións pola Deputación.

O ano 1838 iniciábase baixo o panorama dunha nova lexislación militar. Efectivamente, as Cortes decretaran o 31 de outubro de 1837 e o Goberno promulgara o 2 de novembro unha nova Ordenanza para o reemplazo do Exército. Este regulamento componíase de 17 capítulos e 114 artigos e, seguindo as súas directrices, no mes de xaneiro de cada ano faríase o padrón de veciños nos pobos, incluíndo os mozos presentes e os ausentes e funcionando cada distrito dun xeito independente. O extracto co número de mozos remitiríase á Deputación provincial nos oito primeiros días de febreiro e a Corporación formaría o alistamento para o reemplazo sacándoo do padrón xeral. Tras a publicación e corrección das listas, confeccionaríanse as correspondentes aos mozos de 18-19 anos, a dos de 20-21, a dos de 22, a dos de 23 e a dos de 24 anos. O primeiro domingo de abril comezaría o sorteо, continuando os días necesarios, primeiro o dos mozos de 18-19 anos e logo os seguintes, conservando actas independentes para cada grupo. Mentre, as Cortes, nos dez primeiros días de marzo, disporían os estados de poboación para facer as levas por provincia, podendo concellos e particulares protestar ante as corporacións provinciais por posibles ocultacións ou fraudes. Máis tarde, as deputacións, en razón da leva que lles correspondía, efectuarían un reparto proporcional entre os seus pobos. Estes, cando recibisen a comunicación, citarían a todos os mozos alistados para presentarse na primeira data festiva.

Cada mozo, e por sucesiva orde, sería medido e se non acadaba os cinco pés menos unha pulgada (1,375 m.), daríase lle de baixa por curto, chamando o mozo seguinte. Unha vez tallado, analizaríanse as demais condicións necesarias, declarándose o mozo soldado ou excluso por maioría absoluta de votos do concello. Entre as razóns de exclusión figuraban as de inutilidade, estar inscrito antes do día primeiro do ano do reemplazo nas listas de homes do mar, ser carpinteiro de arsenais, estar “licenciado por ter cumplido o tempo do seu empeño”, achegar un substituto, pagar pola redención, levar dous anos na Milicia provincial, ser fillo único de pai sesaxenario e pobre, ser fillo único de viúva pobre a quem mantivese, ser neto único que mantivese o seu avó/avoia pobre, ser fillo único natural do que dependese a súa nai, irmán que sostivese a outros menores e orfos de pai e nai e o fillo de nai viúva ou casada que tivese irmáns servindo no exército.

Se algún mozo fixera unha fraude para eximirse recargaríanselle de 6 meses a 2 anos de servizo se fora designado por sorteо; noutro caso, de 4 a 6 anos. Se algún se inutilizase de forma voluntaria, castigaríaselle con 2 a 4 anos de obras públicas e se lle tocase como soldado non sería substituído polo quinto siguiente.

Concluído o chamamento e a selección, os soldados e suplentes serían conducidos á capital da provincia baixo a responsabilidade dun comisionado do concello.

Na comentada normativa<sup>49</sup> engadíanse indicacións sobre prófugos e suplentes, así como sobre substitutos; esta última solución só sería admisible entre mozos sorteables da mesma provincia, por cambio de números ou por ser licenciados do exército ou das milicias. Considerábase desertor o quinto fugado despois de ser entregado en

<sup>49</sup> Vid. a súa publicación no BOPL de 7-II-1838

caixa, sendo responsables os seus pobos respectivos. Considerábase prófugo ao mozo non presentado ao chamamento e ao que lle correspondía a apertura dun expediente e a recarga conseguinte no servizo, o que non lle impediría ao concello escoitar todas as xustificacións oraís sobre o asunto nun prazo máximo de cinco días. Se resultaba ser declarado prófugo, o municipio tería que afrontar os gastos da súa captura e os danos e prexuízos causados ao seu suplente, a quien substituiría no corpo que lle correspondese. Resultaba de interese, ámida que pouco solidaria, a concesión de exención de servizo ao mozo comprendido no alistamento que presentase a un prófugo, sempre e cando este fose considerado útil.

Malia esta profusa regulamentación, as deserções e abandonos non desapareceron. As fuxidas, sobre todo ás provincias ultramarinas ou ao estranxeiro, reproducíanse cando se aproximaba o momento dos enganches. Isto explica reais decretos posteriores, como o de 26 de febreiro de 1846, que lles prohibía expedir pasaportes aos homes comprendidos entre 16 e 25 anos se non aseguraban, cunha fianza, o resultado do sorteо correspondente á súa quinta. A compra de substitutos ou a exención por cartos tiña unha grave repercusión social, xa que contribuía a marcar as diferenzas entre ricos e pobres sen que a administración soubese ou quixese palialas.

Cando, desde a caixa de recrutamento, os novos soldados eran conducidos aos seus corpos respectivos, e durante as primeiras semanas de adaptación a un réxime militar que non todos eran capaces de soportar, multiplicábanse as deserções, que tamén lles afectaron aos substitutos. A situación na que quedaban estes desertores era difícil e, en moitos casos, remataba coa súa incorporación a unha cuadrilla de bandoleiros e, entón, para as forzas de orde, eran individuos fóra da lei e polo tanto obxectivo de captura.

O caso é que, a fins do mes de febreiro, e na consideración desta lexislación, *La Gaceta* publicaba o RD de 20 de febreiro de 1838 sobre a mobilización dunha nova quinta, neste caso de 40.000 homes<sup>50</sup>. Coñecido o contido da lei, a Deputación lucense dirixírálle ao Goberno unha exposición solicitando aclarar algunos puntos: inclusión de casados, exención de fillos naturais, notificacións a concellos... A Corporación consideraba aconsellable admitir a redención por diñeiro e advertía sobre a imposibilidade de concluír a quinta para o 25 de marzo, como se sinalaba no Real Decreto. Non se esquecía unha denuncia polo agravio que no reparto se fixera coa provincia de Lugo con respecto ás demais de Galicia, xa que resultaba unha rebaixa con relación á quinta anterior de 85 soldados para a provincia da Coruña e 106 na de Pontevedra, mentres que na de Lugo só se fixera unha rebaixa de 8 quintos, polo que pasaban a corresponderlle 1.184 recrutas<sup>51</sup>.

No reparto por partidos, que se ofrece na sesión de 6 de marzo de 1838, o maior continxente militar pasaba a ser o de Viveiro –con 145 soldados–, seguido do de Lugo –144– e Mondoñedo –142–; aos que menos leva lles correspondía era aos de Quiroga –65–, Vilalba –70– e A Fonsagrada –78–. Pouco despois presentábase o reparto entre

<sup>50</sup> BOPL de 2-III-1838

<sup>51</sup> Non obstante, este reconto non coincide cos nosos datos posto que, como se indica máis arriba, a Lugo lle corresponderá na quinta de 50.000 homes 1.490 e non 1.190 como parece deducirse aquí.

os concellos, coa ducia de instrucións que facía públicas a Deputación para axilizar a quinta. Segundo estas operacións, os alistamentos comezarían a formarse o 14 de marzo e concluirían o 17. Ata o 20 estarían as listas expostas ao público. O 21 e 22 levaríanse a cabo as rectificacións pertinentes citándose os afectados. Por último, o 25 verificaríase o sorteо e pasárfase logo á declaración de soldados, comezando así a recepción de quintos propiamente dita.

En todo seguíase a mecánica habitual nos sorteos que marcaba a recente Lei de reemplazos de 2 de novembro de 1837, regulamento que lles permitía ás corporacións provinciais intervir directamente nos procesos de recrutamento e que estaría vixente ata o Bienio 1854-56<sup>52</sup>.

A Corporación provincial amosábase especialmente preocupada pola resposta que foran a dar os concellos, indicándolle a aqueles municipios que áinda non se renovaran que suspenderan as eleccións ata concluír a quinta e entregar a súa leva. Por outro lado animábaselle a que, se sospeitaban que podía turbarse a tranquilidade pública nos sorteos, demandasen dos comandantes militares do seu distrito o auxilio da forza armada. A Deputación agardaba dos municipios e dos seus funcionarios a maior imparcialidade e rectitude e amosábase disposta a reprimir con severidade todos os fraude, amaos e ocultacións que se denunciasen e demostrasen. Nos días sucesivos expónense as dúbidas, aclaracións e reclamacións de varios concellos<sup>53</sup>, desestimándose as comprensibles peticións de rebaixa das súas levas. Nalgún caso será necesario transmitirlle as dúbidas presentadas ao Goberno ou tomar medidas ante situacións de emergencia, como a motivada polo asalto á casa da Audiencia e a destrucción dos papeis do sorteо por parte duns ladróns no concello de Villar<sup>54</sup>.

Outras queixas habituais serán as dos comisionados municipais encargados de conducir os quintos a Lugo, xa que o comandante da caixa negábase a devolverles os socorros que lles adiantara, ou as repetidas denuncias por quintos “refractarios que se atopan en Madrid”<sup>55</sup>.

Os problemas polo traslado dos recrutas resultaban ser algo habitual, o que decidiu ao capitán xeneral procurar que aqueles ingresasen canto antes no depósito de Lugo. A razón hai que buscala nun recrudecemento da actividade dos facciosos, que seguía impedíndolle a algúns concellos levar a cabo o sorteо con tranquilidade. Esa situación impulsará á Deputación a ordenarles aos municipios ameazados da marxe dereita do río Miño que suspenderan as operacións da quinta se áinda non as tiñan realizado<sup>56</sup>.

<sup>52</sup> A Deputación lencuse engadiría algunas indicacións ou especificacións sobre fillos naturais, claridade nos sorteos e obrigación de certificar todas as dilixencias e incidencias do alistamento. Tamén se lles impoñía aos concellos a obriga de socorrer os quintos con dous reais diarios na súa viaxe á capital, a razón de 5-6 leguas cada xornada, más outras dúas xornadas de permanencia na capital. Ademais, pagariánse os gastos correspondentes ás axudas de custo de comisionados e ás restantes operacións da quinta.

<sup>53</sup> Lugo: ses. 14-III; Orrea, Cebreiro, e Vilameá: 17-III; Monforte, Viveiro e Galdo: 19-III de 1838

<sup>54</sup> ADPL ses. de 7-IV-38

<sup>55</sup> ADPL ses. de 26-IV e 7-V de 1838

<sup>56</sup> ADPL ses. de 24 e 25-III-38

A fuga de mozos será un problema que se tratará de afrontar con especial coidado, intentando conseguir a presentación dos ausentes, moi abundantes nos distritos máis orientais da provincia. Determinarase un prazo máximo de corenta días para formular a súa declaración como prófugos, publicada a cal deberíase procurar a súa aprehensión alí onde se atopasen.

O día 4 de abril de 1838 comeza o laborioso proceso de recepción de quintos, que iniciaba o distrito de Mera e Sirvián do concello lencuse. Tras escoitar as súas reclamacións e eximir aos que lles correspondía, ingresan os aptos en caixa. Na mesma data recíbense os quintos do concello de Luaces e, nas seguintes, os doutros concellos: Castroverde, Castro de Rei de Terrachá, Somoza de Vilouzán, outros distritos de Lugo, Láncara e Adai. As recepcións prolongaranse todo o mes de abril, maio e xuño de 1838, non sen que se presentasen algúns problemas, como o do bloqueo do envío dos quintos de Taboada e Chantada por parte dos facciosos<sup>57</sup>.

A longa serie de circunstancias habituais nunha mobilización sucédense nas sesións celebradas estes meses: substitucións, mutilacións intencionadas por amputación do dedo índice da man dereita ou por propiciar ulceracións, exencións ante concesión de grazas por apresión de facciosos, declaración de prófugos e desertores ou, mesmo, outros fraudes nos que se implicaba a individuos dos concellos que prometían excluir irregularmente do servizo os quintos.

Non faltaron, desde logo, as resistencias para cubrir o continxente, como as denunciadas polos deputados provinciais na sesión de 18 de agosto de 1838, e protagonizadas por quintos dos municipios de Taboada, A Ulloa e Monterroso, algúns dos distritos que confesaban a súa incapacidade para rematar os cupos.

Unha das excepcións más particulares era a dos matriculados de Mariña. En principio, tales individuos estaban exentos de servizo, pero na sesión de 19 de xaneiro de 1839 recoñéciase a existencia de abusos nos distritos marítimos e portuarios da provincia, que procuraban a toda costa librarse dunha *contribución de sangue* que consideraban a máis gravosa para os pobos. O feito é que nas listas inscríbanse mozos con ocupación ben distinta á mariñeira, situación que facía más oneroso o servizo aos pobos do interior, e que impulsará a algúns deputados provinciais a recomendar a prevención destes abusos, garantindo así que os eximidos exerceran realmente aquela profesión, e para logralo chegaran a proponer unha exposición a SM.

Nos últimos meses do ano insistírase, desde a administración civil e militar, na necesidade de dar por rematados os alistamentos das tres quintas comentadas ata aquí, procesos que, de non estar finalizados, entorpecerían as mobilizacións seguintes<sup>58</sup>.

A última mobilización do período dominado pola I guerra carlista é convocada a fins do ano 1838. Na sesión de 12 de novembro, encargássalle á comisión correspondente a súa organización e, dous días despois, prevíñanse aos concellos para que

<sup>57</sup> ADPL ses. de 25-V-38

<sup>58</sup> ADPL ses. de 29-IX e 12-XI de 1838

procedesen á formación dun empadroamento xeral, requisito anterior ao alistamento programado para o primeiro de decembro de 1838. O día 3, o presidente da comisión mandaba proceder a formar o reparto de quintos, aprazándose a resolución para o día 5, no que se acordou non facer o reparto en tanto as Cortes non aprobasen a quinta.

Por fin, en xaneiro de 1839 recibíase o RD de 10 dese mes que instruía as recomendacións para o recrutamento, nomeándose entón unha comisión para proceder ao reparto das levas de cada concello. Estes presentáñanse poucos días despois, dividíndose os 1.198 quintos entre os once partidos xudiciais da provincia. Desde o primeiro momento faise constar a necesidade dun censo de poboación ben formado, xa que o existente presentaba unha “desproporción monstruosa”, como se comprobara no recrutamento anterior<sup>59</sup>.

O reparto resultante partía dun censo de 72.396 veciños, ou máis específicamente de 377.272 almas, o que en principio funcionaría como base estatística da que pode considerarse como a quinta de 1839.

Polas mesmas datas<sup>60</sup>, ordenábase aboarles aos concellos os socorros subministrados aos quintos ata o seu ingreso en caixa, ao mesmo tempo que procuraban cumplir puntualmente os prazos do alistamento. A Deputación aseguraba coñecer que nalgúns municipios xa se fixera o sorteо e agora estaba ocupada en preparar un reparto de cupos máis axustado que o de anos anteriores, indicando tamén que distritos eran os más conflitivos: os do sudoeste da provincia.

Case que de inmediato iniciaranse as operacións da quinta, insistindo en que para a súa correcta finalización era necesario un novo repartimento que tomase como base un censo poboacional o máis equitativo posible<sup>61</sup>. O reparto non concluiría ata o 5 de febreiro, solicitándose do capitán xeneral que dese orde de que os esribentes da Deputación fosen dados de baixa na Milicia Nacional para centrar as súas actividades na recepción de quintos. Tamén se fan indicacións puntuais sobre os matriculados da Mariña, na conciencia de que se inscribían moitos homes nas listas do mar sen que xamáis exerceceran tal profesión. Así mesmo, consultábase ao capitán xeneral se continuaba vixente a RO. pola que se concedía grazia por apresión de facciosos armados. Por último, comentábase o reparto dos cupos, expresando o deputado José Antonio Somoza a súa desconfianza ante un patrón de poboación que se presentaba como moi pouco fiable; o representante por Sarria defendía os repartos realizados en 1835 e 36, e rexeitaba o de 1838, xa que este prexudicaba gravemente os partidos de Viveiro, Mondoñedo e Ribadeo, beneficiando en cambio os da Fonsagrada, Lugo, Taboada, Vilalba e As Nogais. Os seus compañeiros, áinda que convencidos en principio, pasarán a disentir no momento en que coñezan os repartos parciais dos seus distritos, o que os anima a deixar sen consideración o proxecto inicial do señor Somoza.

<sup>59</sup> ADPL ses. de 23 e 26-I e 1-II de 1839

<sup>60</sup> ADPL ses. de 2-II-1839

<sup>61</sup> ADPL ses. de 4-II-1839. As irregularidades eran evidentes, xa que cotexando o censo electoral co da quinta de 1836, advertíase que non se correspondían en absoluto.

De todo isto dedúcese que a contribución de sangue enfrentaba os deputados ante a defensa dos intereses particulares das súas zonas respectivas, polo que se presentaba difícil a aceptación de criterios comúns para un reparto xeral equilibrado.

As recepcións de quintos anúncianse na sesión de 14 de febreiro de 1839. Os concellos de Castroverde, Luaces e Adai debían presentar os seus cupos o día 25. Os de Castro de Rei e Sarria o 27, os de Pobra de San Xiao e Samos o 1 de marzo. Nesta ocasión o local de recepción sería un tramo do Colexio Seminario da capital, sobre cuxa cesión o bispo presentaba algunas dificultades, obrigando a intervir no asunto ao mesmo xefe político.

O feito é que, pese aos problemas, as recepcións sucedérónse case como estaba previsto: o 25 de febreiro Castroverde e Luaces, o 26 O Courel, e o 27 Castro de Rei, áinda que moi pronto será preciso oficial ao comandante xeneral da provincia para que lles ofrecese auxilio e escolta aos quintos de varios concellos –A Fonsagrada, Meira, Baleira e Cervantes– que manifestaban necesitar unha especial protección para levar a cabo o sorteо e as actuacións seguintes<sup>62</sup>.

Non faltaron nesta quinta os reclamados<sup>63</sup>, circunstancia que se explicaba pola maliciosa ocultación de quintos como a que se denuncia en Chantada e Asma. A Deputación amosárase nestes casos moi severa, recomendando tomar medidas tanto contra os quintos como contra os concellos. Un exemplo destes incumplimentos ofréceo Mondoñedo, onde se concederan numerosas excepcións gratuítas alegando a corredade na talla dos seus mobilizados<sup>64</sup>.

Outra preocupación habitual foron as desercións, que comezan a manifestarse desde o inicio mesmo das recepcións<sup>65</sup>. As primeiras manifestacións sobre prófugos e ausentes aparecen na sesión de 18 de marzo, repetíndose noutras como as de 8 e 9 de abril, 10 de xullo e 3 de agosto de 1839.

Tampouco faltan referencias a autolesionados, como aqueles aos que se lles acusa de quitarse “maliciosamente algúns dentes” e ante os que se forma causa xudicial, como recomendaba a ordenanza<sup>66</sup>.

Na sesión de 5 de abril, cando xa se vía a fin da I Guerra carlista, presentouse ante a Deputación luctose o capitán xeneral Laureano Sanz co obxecto de adoptar as medidas oportunas para a pacificación da provincia, animou a Corporación ao cumprimento desta quinta e ao remate das anteriores, investigando os mobilizados e os recrutas en descuberto por cada distrito. Esta visita serviu para acelerar as operacións de recrutamento ao longo da primavera e o verán de 1839, impulsadas agora por unha RO recibida o 17 de xuño na que se recomendaba o pronto remate desta quinta e de todas as anteriores. Áinda así subsistiron os problemas, pois o 8 de xullo dáse conta de varios arrestos ditaminados contra membros do Concello de Amarante,

<sup>62</sup> ADPL ses. 28-II-1839

<sup>63</sup> ADPL ses. 2, 18, 21, 22, 29-III e 13-IV de 1839

<sup>64</sup> ADPL ses. de 29-III, 9-IV e 28-VI de 1839

<sup>65</sup> ADPL ses. de 9-II-1839

<sup>66</sup> ADPL ses. de 3-IV-1839



Abrazo de Vergara entre os xenerais Espartero e Maroto,  
co que se poña fin á I Guerra carlista.

dous de cuxos rexedores viñeron a Lugo para explicar as ausencias de quintos naquel distrito. Outra das preocupacións desta quinta foi o seu financiamento, problema que se vía incrementado polas escasas redencións ofrecidas. Así se explica a petición de 20.000 rs. por parte do comandante xeneral de Lugo para atender ao mantemento dos mozos mobilizados na provincia<sup>67</sup>. Como xa existía un descuberto de 3.000 duros (60.000 rs.), solicitásselle ao intendente os fondos de expolios do bispado lucense –que acababa de quedar vacante– para afrontar con eles eses gastos.

A primeira Guerra carlista remataba oficialmente co Abrazo de Vergara en agosto de 1839. O 2 de outubro seguinte acórdase, por parte da Deputación, enviar unha exposición ás Cortes pedindo a reforma da lei de reemprazo pola que se organizaran as dúas últimas quintas, xa que a institución provincial descubría nela numerosos defectos. O 29 dese mes recibíase a talla de ferro encargada na Corte para evitar dúbihdas sobre a exactitude nas medicións dos soldados, circunstancia que non podía garantirse coa utilización das tallas de madeira más tradicionais. A partir de aquí ábrese un novo período dos recrutamentos militares, nos que os lucenses veranse libres, cando menos, das terribles esixencias da guerra, aínda que non das rigorosas condicións dun servizo que seguirá significando, todo este século e parte do seguinte, un dos custos sociais más importantes para o país, e un motivo permanente de críticas e protestas, nalgún caso de considerable violencia.

<sup>67</sup> ADPL ses. de 1 e 2-X-1839